

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

No Pazo da Deputación Provincial de Ourense, o vinte e sete de marzo do ano dous mil quince, ás dez horas, réunese a Xunta de Goberno da Deputación baixo a presidencia do titular don José Manuel Baltar Blanco, presidente da mencionada Deputación -que como tal é da Xunta-, cos deputados, don Plácido Álvarez Dobaño, don José Antonio Feijóo Alonso, don Francisco Rodríguez Rodríguez, don José Manuel Freire Couto, , don Antonio Montero Fernández e don Eladio Mangana Nóvoa, os que constitúen a maioría absoluta da devandita xunta, co fin de celebrar sesión ordinaria en primeira convocatoria e tratar nela os asuntos que figuraban na orde do día.

Non asisten á sesión os deputados provinciais don Rosendo Luis Fernández Fernández (vicepresidente 1º) e don Emilio José Pazos Ojea.

Asiste a interventora, dona Mónica Legaspi Díaz, e dá fe do acto, o secretario xeral, don Francisco Cacharro Gosende.

Unha vez aberta a sesión pola Presidencia á mencionada hora, e despois do correspondente estudo e deliberación, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA, DO DÍA 6 DE MARZO DE 2015.-

Unha vez examinada a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día seis de marzo de dous mil quince, a **Xunta de Goberno** da Deputación **acordou**, por unanimidade, a súa aprobación, sen observacións.

2.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E OS CONCELLOS E MANCOMUNIDADES DA PROVINCIA PARA O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE AUGAS DESTINADAS AO CONSUMO HUMANO PREVISTAS NO RD 140/2003, DO 7 DE FEBREIRO, DURANTE OS EXERCICIOS 2015 E SEGUINTE.

- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de agricultura e medio ambiente en relación co convenio marco referenciado no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e os concellos e mancomunidades para o cumprimento das obrigas municipais en

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

materia de augas destinadas ao consumo humano previstas no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, durante o exercicio 2015 e seguintes, consonte coas seguintes cláusulas:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto deste convenio marco a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial aos concellos ou mancomunidades da provincia do servizo de asistencia técnica para o cumprimento das obrigas municipais previstas no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade das augas de consumo humano, durante o exercicio 2015 e os exercicios seguintes aos que se prorrogue a súa vixencia conforme co establecido na cláusula 6ª.

O presente convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestar asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal (xa se exerza polos concellos, xa se atope delegada nunha mancomunidad) para a ordenación e xestión do servizo de abastecemento domiciliario de auga potable, configurado como servizo mínimo obrigatorio polo artigo 26 da mesma lei básica de réxime local.

2ª) Condicións da prestación do servizo:

A Deputación Provincial prestaralles aos concellos ou mancomunidades adheridos a este convenio os seguintes servizos:

a) Identificación e catalogación dos sistemas de abastecemento e os seus elementos constitutivos.

b) Elaboración do programa anual de control analítico que se debe someter a aprobación da autoridade sanitaria, incluíndo a súa tramitación, informe e correccións pertinentes.

c) Formación do persoal da entidade local para a realización da toma de mostras e os controis diarios nos puntos de toma que se definan. A formación do persoal realizarase en dependencias da Deputación na cidade de Ourense, de xeito conxunto para varias entidades locais, co fin de minimizar custos, nas datas que se comunicarán oportunamente. Os gastos de desprazamento do persoal correrán por conta das entidades locais interesadas.

d) Realización de todas as análises (agás as de control diario) do programa anual de mostraxe aprobado, incluída a toma de mostras e a repetición das análises en caso de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

desconformidade do resultado. A realización das análises inclúe ademais a alta e mantemento dos resultados no SINAC. Realizaranse tamén as análises de parámetros específicos que, de ser o caso, requira a autoridade sanitaria.

Os servizos relacionados nos apartados a) e/ou c) non se prestarán no caso de entidades nas que non sexa necesaria porque xa teñan debidamente identificados e catalogados os seus sistemas de abastecementos ou xa dispoñan de persoal cualificado para a realización dos controis diarios, respectivamente.

Os servizos serán prestados pola Deputación Provincial a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente.

Os servizos prestaranse a partir das seguintes datas:

- a) Para as entidades locais que estivesen adheridas ao convenio marco de colaboración do 25 de maio de 2012, correspondente a 2012 e seguintes, consideraranse prestados ao abeiro do presente convenio todos os servizos comprendidos no seu obxecto que se realicen a partir do 1 de abril de 2015.
- b) Para as entidades locais que non estivesen adheridas ao convenio marco de 2012, a partir do primeiro día hábil do mes seguinte a aquel no que teña entrada no Rexistro da Deputación o documento de adhesión.

3ª) Retribución económica:

1. En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos:

- a) Identificación e catalogación dos sistemas de abastecemento e os seus elementos constitutivos: 270 euros
- b) Elaboración do programa anual de control analítico que se debe someter a aprobación da autoridade sanitaria, incluíndo a súa tramitación, informe e correccións pertinentes: 75 euros
- c) Formación do persoal da entidade local para a realización da toma de mostras e os controis diarios nos puntos de toma que se definan: 45 euros. Non inclúe gastos de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

desprazamento do persoal ao centro no que se realice a acción formativa, que correrán a cargo das entidades locais interesadas.

d) Realización de todas as análises (agás as de control diario) do programa anual de mostraxe aprobado, incluída a toma de mostras e a repetición das análises en caso de desconformidade do resultado, e ademais a alta e mantemento dos resultados no SINAC:

- Análise completa: 528 euros
- Análise de billa: 35 euros
- Análise de control de rede: 35 euros
- Análise trihalometanos: 45,60
- Análise de arsénico: 21,60 euros
- Análise de ferro: 19,20 euros
- Análise de manganeso: 19,20 euros
- Análise de níquel: 19,20 euros
- Análise de oxidabilidade: 21,60 euros.
- Análise de cloruros: 19,20 euros
- Análise de microcistinas: 78 euros.

Os prezos sinalados non inclúen o IVE, aplicándose sobre eles o vixente en cada momento.

2. Non obstante o anterior, só se cobrará o importe da análise completa, realizándose totalmente gratis o resto de análises e os servizos previstos nos apartados a), b) e c) para aquelas entidades locais que acrediten o cumprimento, a 1 de xaneiro de 2016, dos obxectivos establecidos nos artigos 111 bis da Lei de augas e na Directiva marco da Unión Europea en materia de xestión de augas residuais. Para os efectos do presente convenio, considerarase que os concellos ou, se é o caso, as mancomunidades acadarán os ditos obxectivos sempre que dispoñan, a 1 de xaneiro de 2016, dunha taxa por abastecemento de auga potable debidamente aprobada e cunha estrutura tarifaria que permita a recuperación dos custos do servizo e desincentive o consumo, en aplicación do principio de que, quen contamina, paga.

Este mesmo réxime de bonificacións poderá obterse nos exercicios posteriores a 2015 nos que se prorrogue a vixencia do presente convenio, sempre que as entidades locais

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

acrediten cumprir, a 1 de xaneiro do exercicio seguinte ao da aplicación das bonificacións, o requisito sinalado no inciso último do parágrafo anterior.

3. Para a aplicación do réxime bonificado previsto no apartado anterior, establécense as seguintes regras:

3.A) No suposto de entidades locais que se adhiran ao convenio por primeira vez no exercicio 2015 ou nun exercicio posterior, no acordo de adhesión ao convenio previsto na cláusula 4ª as entidades locais interesadas manifestarán se desexan ou non acollerse ao réxime bonificado, declarando no primeiro caso o seu compromiso de establecer as taxas do servizo de abastecemento de auga coas características sinaladas no parágrafo anterior. En función do contido do acordo de adhesión, procederase do seguinte xeito:

a) No suposto en que a entidade local interesada opte polo réxime non bonificado, a Deputación Provincial aprobará periodicamente as oportunas liquidacións, que se lles notificarán aos concellos outorgándolles un prazo de noventa días para o seu pago. As liquidacións serán trimestrais, por trimestres naturais.

b) No suposto en que a entidade local interesada opte pola aplicación do réxime bonificado, asumindo o compromiso recollido no parágrafo 2 da presente cláusula, procederase do seguinte xeito:

- A Deputación aprobará durante a vixencia do convenio as oportunas liquidacións provisionais aplicando o réxime bonificado. As liquidacións serán trimestrais.

- Antes do 20 de xaneiro de 2016, as entidades locais adheridas ao convenio deberán xustificar ante a Deputación o cumprimento, con respecto á taxa de abastecemento de auga potable, dos obxectivos establecidos no artigo 111 bis da Lei de augas e na Directiva marco da auga da Unión Europea. A xustificación realizarase mediante escrito no que se indique a publicación no Boletín Oficial da Provincia do texto da correspondente ordenanza fiscal, ao que se xuntará copia autenticada do estudo económico – financeiro empregado no expediente. A Presidencia da Deputación, tras o informe previo dos servizos técnicos provinciais, declarará a conformidade ou desconformidade das tarifas establecidas cos obxectivos sinalados no parágrafo anterior, aprobando a correspondente liquidación definitiva dos prezos polos servizos prestados ao abeiro do presente convenio (prezos bonificados no caso de conformidade ou non bonificados no caso de desconformidade), o

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

que se lles notificará ás entidades locais interesadas, outorgándolles un prazo de noventa días para o pago, se é o caso, do importe resultante a favor da Deputación.

Para a acreditación do cumprimento dos requisitos para o acceso á bonificación en exercicios posteriores, as entidades locais interesadas remitirán, antes do 20 de xaneiro do exercicio seguinte ao de aplicación da bonificación, a mesma documentación esixida no parágrafo anterior.

A bonificación manterase de xeito automático nos exercicios posteriores ao seu recoñecemento, sen prexuízo da facultade da Deputación de declarar a súa caducidade no suposto en que a administración provincial teña constancia de que o concello beneficiario deixase de cumprir os requisitos que deron lugar á súa concesión. O expediente de declaración de caducidade da bonificación iniciárase sempre de oficio.

3.B) No suposto de entidades locais adheridas ao convenio do 25 de maio de 2012 que non se acollesen ao réxime de prezos bonificados ou que, aínda que o solicitasen, non acreditasen cumprir os requisitos para o recoñecemento da bonificación, se desexan acollerse ao réxime de prezos bonificados en 2015 ou nun exercicio posterior, deberán solicitalo expresamente mediante o modelo recollido no anexo II, séndolles de aplicación as regras contidas no apartado 3.A) desta cláusula.

3.C) As entidades locais adheridas ao convenio do 25 de maio de 2012 que xa no seu día acreditasen cumprir os requisitos para acollerse a esta bonificación non precisarán acreditarlo de novo, manténdose de xeito automático nos mesmos termos sinalados no parágrafo último do apartado 3.A) precedente.

4ª) Procedemento de adhesión ao convenio:

1. As entidades locais que non estivesen adheridas ao convenio anterior, deberán remitirlle á Deputación Provincial o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente conforme co modelo que figura como anexo I, no que se manifestará expresamente se se opta polo réxime ordinario ou polo réxime bonificado do servizo, asumindo, neste último caso, os compromisos correspondentes. A adhesión ao convenio será eficaz desde a data de entrada do documento de adhesión no Rexistro Xeral da Deputación, producindo efectos a partir do primeiro día hábil do mes seguinte ao da súa recepción.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

2. No suposto das entidades locais que xa estivesen adheridas ao convenio anterior, entenderase que manteñen a súa adhesión durante todo o exercicio 2015 e sucesivos en tanto non manifesten o contrario. Sen prexuízo do anterior, poderán causar baixa en calquera momento conforme co establecido na cláusula 7ª, liquidándose, en todo caso, os servizos efectivamente prestados conforme coas normas xerais establecidas neste convenio.

Ás entidades locais adheridas ao convenio anterior que non acreditasen o cumprimento dos requisitos para a aplicación do réxime de prezos bonificados nese exercicio aplicaráselles o réxime de prezos ordinarios en 2015 e sucesivos exercicios. Non obstante, poderán acollerse ao réxime de prezos bonificados en calquera momento, con efectos a partir do exercicio no que se solicite, mediante instancia axustada ao modelo recollido no anexo II deste convenio. En tanto non se formule esta solicitude, entenderase que a adhesión se mantén no réxime de prezos ordinarios.

5ª) Comisión de seguimento:

Establécese unha comisión de seguimento do convenio con cada entidade asinante, que estará integrada polo xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente e un representante designado pola entidade local interesada. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido no Título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comisión de seguimento reunirse a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

6ª) Vixencia:

O presente convenio producirá efectos conforme coas seguintes regras:

a) Para as entidades locais que xa estivesen adheridas ao convenio anterior, a partir do 1 de abril de 2015.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

b) Para as entidades locais que se adhiran por primeira vez neste exercicio ou sucesivos, desde o primeiro día hábil do mes seguinte á data de presentación do documento de adhesión ante a Deputación Provincial.

O convenio terá carácter anual, entendéndose prorrogado automaticamente por anualidades sucesivas se non se denuncia antes do 16 de decembro de cada exercicio.

7ª) Extinción do convenio:

O presente convenio só poderá ser resolto por denuncia unilateral dunha das partes por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Neste último caso, a entidade interesada comunicará antes do 16 de decembro de cada ano, a súa decisión de resolver o convenio. Esta decisión será efectiva a partir do 1 de xaneiro do exercicio seguinte ao da súa comunicación.

A liquidación dos convenios resolto corresponderalle, en todo caso, á Deputación Provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada tras a audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.

8ª) Natureza e réxime xurídico:

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

9ª) Réxime transitorio aplicable ás entidades locais adheridas ao convenio marco do 25 de maio de 2012:

Os servizos prestados durante o exercicio 2015, ata o 31 de marzo, ás entidades locais adheridas ao convenio marco do 25 de maio de 2012, liquidaranse conforme cos prezos sinalados no dito convenio.

Con data 1 de abril quedará extinguido e sen efectos o anterior convenio do 25 de maio de 2012.

2º.- Remitirilles o dito convenio ás entidades locais da provincia, para os efectos de que procedan á súa adhesión.

Anexo I: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de adhesión ao convenio marco de colaboración para o exercicio 2015 e sucesivos para a prestación pola Deputación Provincial aos concellos ou mancomunidades da provincia do servizo de asistencia técnica

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015

para o cumprimento das obrigas municipais previstas no Real Decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade das augas de consumo humano.

1º) Aprobar a adhesión do Concello de... / Mancomunidade de... ao convenio marco de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para a prestación do servizo de asistencia técnica para o cumprimento das obrigas municipais previstas no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade das augas de consumo humano, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

Exclúense do convenio os seguintes servizos, ao non ser necesarios para esta entidade local, por dispoñer xa deles (*indíquese qué servizos se exclúen dos que se relacionan a continuación*):

- Identificación e catalogación dos sistemas de abastecemento e os seus elementos constitutivos.
- Formación do persoal da entidade local para a realización da toma de mostras e os controis diarios.

2º) Manifestar expresamente a opción pola seguinte modalidade do convenio (*indíquese só a opción que se escolla*):

- a) O Concello de ... / Mancomunidade de acóllese expresamente ao réxime de prezo bonificado, asumindo as obrigas e compromisos previstos na cláusula 3ª.2
- b) O Concello de... / Mancomunidade de... acóllese expresamente ao réxime de prezos ordinarios previstos na cláusula 3ª.1.

Anexo II: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de solicitude de aplicación do réxime de prezos bonificados no exercicio 2015 (*indíquese o ano que proceda, no caso de que solicite nun exercicio posterior a 2015*) no convenio marco de colaboración para a prestación pola Deputación Provincial aos concellos ou mancomunidades da provincia do servizo de asistencia técnica para o cumprimento das obrigas municipais previstas no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se establecen os criterios sanitarios de calidade das augas de consumo humano.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

Solicitarlle á Deputación Provincial de Ourense a aplicación durante o exercicio 2015 e seguintes (*ou no que proceda*) do réxime de prezos bonificados polos servizos de asistencia técnica para o cumprimento das obrigas municipais previstas no Real decreto 140/2003, do 7 de febreiro, asumindo as obrigas e compromisos previstos na cláusula 3ª, apartados 2 e 3.

3.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA PARA A EXPLOTACIÓN DE ESTACIÓNS DEPURADORAS DE AUGAS RESIDUAIS DE TIPO BIOLÓXICO E BIODISCOS DURANTE OS EXERCICIOS 2015 E SEGUINTE

ES.- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de agricultura e medio ambiente en relación co convenio marco referenciado no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o convenio marco referenciado anteriormente, conforme coas seguintes cláusulas:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto deste convenio marco a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica para a explotación de estacións depuradoras de augas residuais de tipo biolóxico ou biodiscos de tamaño inferior a 2.000 habitantes equivalentes.

O presente convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestar asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal (xa se exerza polos concellos, xa se atope delegada nunha mancomunidade ou outro tipo de entidade local) para a ordenación e xestión do servizo de depuración de augas residuais, de conformidade co artigo 27 da Lei 9/2010 de 4 de novembro, de augas de Galicia.

2ª) Condicións da prestación do servizo

1. A Deputación Provincial prestará ás entidades locais adheridas ao presente convenio o servizo de asistencia técnica para a explotación das estacións depuradoras que

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

constitúen o seu obxecto situadas no ámbito territorial da entidade local, comprendendo as seguintes prestacións básicas:

a) Realización dun inventario exhaustivo dos elementos e características técnicas da estación. Mantemento e actualización periódicas do dito inventario.

b) Realización e seguimento dun plan de mantemento preventivo e de control de datos, definindo o listado de tarefas que deberá realizar o persoal da entidade local encargado da explotación.

c) Realización dun control técnico periódico da EDAR: consistirá nunha visita mensual da estación por persoal técnico especializado, na que se realizará a toma de datos dos equipos (hora de funcionamento, comprobación do estado, consumos eléctricos, determinación de V30...) entrega dos partes de control de mantemento e datos e recollida dos partes do mes anterior, análise de parámetros in situ (osíxeno disolto no reactor biolóxico, pH, condutividade) cumprimentación do check-list do estado xeral da planta (calidade da auga tratada, control de reactivos, equipos avariados...) control da xestión de residuos, toma de mostras in situ que permitan verificar a eficacia do tratamento e conservación destas ata a posterior análise en laboratorio, realización de orzamentos de reparación de equipos avariados e realización de propostas de mellora orientadas á redución de custos enerxéticos, de mantemento ou de calidade da auga.

d) Realización dun informe trimestral no que se recollan os datos analíticos de funcionamento da depuradora e as incidencias do trimestre.

e) Control analítico mensual dos seguintes parámetros: DBO5, DQO, SS, Nitróxeno total, Fósforo total, pH, condutividade eléctrica, así como análise en laboratorio das seguintes determinacións de control de proceso: V30, índice volumétrico de lodos e análise de microscopía (se existise bulking ou alteración do proceso biolóxico).

f) Realización dunha avaliación inicial de riscos laborais dos traballadores da planta, na que se detallarán os aspectos potenciais de risco indicándose as accións correctoras para realizar, co seu custo e prazo de execución. Actualización da avaliación cando sexa necesario.

g) Formación dos traballadores encargados da explotación da planta naquelas cuestións de importancia que poidan afectar ao normal funcionamento da depuradora, tales

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015

como prevención de riscos laborais, traballos en espazos confinados e sistemas de depuración de auga residual.

2. Como prestacións complementarias, para as entidades locais que o soliciten expresamente, realizaranse as seguintes:

a) Realización dun número de visitas técnicas mensuais con periodicidade superior á mensual, poden ser de dúas, tres ou catro visitas ao mes.

b) Transporte e xestión dos lodos xerados na estación depuradora, coa periodicidade precisa para o correcto funcionamento da planta.

c) Xestión de alarmas nas plantas: control de todo ou parte do equipamento eléctrico e xestión e envío de resposta aos mesmos equipos, segundo os valores consigna que se introduzan previamente.

d) Realización de análises por organismo de control autorizado, nos casos nos que se requira polo organismo de bacía.

3. Cando así se solicite polas entidades locais adheridas, a Deputación poderá prestar ao abeiro do presente convenio os servizos de reparación ou mellora das instalacións, conforme aos orzamentos elaborados e aceptados pola entidade local en cada caso.

4. O servizo será prestado pola Deputación Provincial a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente.

O servizo prestarase a partir da entrada en vigor do convenio.

3ª) Retribución económica

1. En contraprestación polos servizos recollidos na cláusula 2ª, apartado 1, a Deputación Provincial percibirá un prezo público de 5.000 euros anuais por cada EDAR que sexa obxecto de asistencia técnica.

Nos supostos en que o número de visitas mensuais sexa superior a unha, o prezo total será o seguinte:

2 visitas mensuais: 6.260 euros anuais

3 visitas mensuais: 8.780 euros anuais

4 visitas mensuais: 11.300 euros anuais

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

2. En contraprestación polos servizos recollidos na cláusula 2ª, apartado 2, a Deputación Provincial percibirá ademais os prezos públicos seguintes por cada EDAR obxecto de asistencia técnica:

- a) Polo transporte e xestión de lodos: 2.000 euros anuais
- b) Pola xestión de alarmas: 2.100 euros anuais
- c) Pola realización de análise ECA: 320 euros por análise.

3. A realización das reparacións ou melloras das instalacións propostas como consecuencia das inspeccións realizadas, no caso de ser solicitadas pola entidade local interesada, facturarse aparte conforme aos orzamentos aceptados en cada caso pola entidade local.

4. A liquidación dos servizos recollidos na cláusula 2ª será aprobada pola Deputación con carácter anual, dispoñendo as entidades locais adheridas dun prazo de noventa días naturais, contados a partir da recepción da notificación da liquidación, para proceder ao seu pago.

No suposto de prestación de servizos por períodos inferiores a un ano, o prezo anual reducirase proporcionalmente ao tempo de servizos efectivamente prestados.

5. A liquidación das reparacións ou melloras efectuadas realizarase unha vez rematadas estas, dispoñendo as entidades locais de idéntico prazo de noventa días naturais para o seu pago.

6. Unha vez transcorridos os prazos de pago en período voluntario dos prezos liquidados, a Deputación Provincial poderá exercer cantas accións administrativas e xudiciais lle competan para o cobro dos prezos, incluíndo a posibilidade de compensar a débeda contra calquera crédito de que dispoña a entidade local fronte á facenda provincial.

4ª) Procedemento de adhesión ao convenio.

1. As entidades locais que desexen adherirse ao presente convenio deberán remitirlle á Deputación Provincial o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente conforme co modelo que figura como anexo I. A adhesión ao convenio será eficaz dende o primeiro día hábil do mes seguinte á data de entrada do documento de adhesión no Rexistro Xeral da Deputación.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

2. As entidades locais adheridas ao convenio marco co mesmo obxecto do 21 de setembro de 2012 non precisarán adoptar ningún acordo expreso de adhesión, entendéndose que se adhíren automaticamente ata que non manifesten de xeito expreso o contrario.

5ª) Comisión de seguimento:

Establécese unha comisión de seguimento do convenio con cada entidade asinante, que estará integrada polo xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente e un representante designado pola entidade local interesada. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido no Título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comisión de seguimento reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

6ª) Vixencia:

O presente convenio producirá efectos para dada entidade local desde o primeiro día hábil do mes seguinte á data de presentación do documento de adhesión ante a Deputación Provincial, con carácter indefinido ata que a súa extinción por calquera das causas previstas na cláusula 7ª.

7ª) Extinción e modificación do convenio:

1. O presente convenio poderá ser resolto polas seguintes causas:

a) Por denuncia unilateral das entidades locais adheridas, en calquera momento e sen necesidade de alegar ningunha causa xustificante. A extinción terá eficacia a partir do primeiro día hábil do mes seguinte ao da data de recepción da comunicación no Rexistro de entrada de documentos da Deputación Provincial.

b) Por decisión unilateral da Deputación Provincial, en caso de incumprimento de obrigas esenciais polas entidades locais adheridas. Neste caso, a Deputación dará audiencia previa á entidade local afectada, antes de adoptar a decisión, que comunicará cunha

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

antelación mínima dun mes á súa data de efectividade e a cal será executiva sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.

c) Por decisión unilateral da Deputación, en caso de supresión do servizo de asistencia técnica que constitúe o seu obxecto. Neste caso, a eficacia da resolución referirase sempre ao primeiro día hábil do ano seguinte a aquel en que se comunique, e deberá en todo caso ser comunicada pola Deputación ás entidades adheridas cunha antelación mínima de seis meses.

2. A Deputación poderá igualmente modificar os termos do presente convenio, por razóns xustificadas de interese público, notificándoo ás entidades adheridas cunha antelación dun mes verbo da efectividade das modificacións. Non obstante, non será obrigatoria a comunicación coa antelación sinalada nos supostos en que as ditas modificacións obedezan a circunstancias de forza maior ou á necesidade de adaptar o convenio á normativa vixente, así como nos supostos en que se limiten a incorporar modificacións cuxa efectividade requira do consentimento expreso das entidades locais afectadas.

3. A liquidación dos convenios resoltos anticipadamente corresponderá, en todo caso, á Deputación Provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada trala audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.

8ª) Natureza e réxime xurídico:

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

9ª) Réxime dos servizos prestados ata o 31 de marzo de 2015 ás entidades locais adheridas ao convenio marco do 21 de setembro de 2012.

Os servizos prestados ás entidades locais adheridas ao convenio marco do 21 de setembro de 2012 ata o 31 de marzo de 2015, liquidaranse conforme aos prezos públicos establecidos no anterior convenio.

Anexo I: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de adhesión ao convenio marco de colaboración para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións depuradoras de augas residuais de tipo biolóxico ou biodiscos no exercicio 2015 e seguintes.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

Aprobar a adhesión do Concello de... / Mancomunidade de... ao convenio marco de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións de depuración de augas residuais de tipo biolóxico ou biodiscos no exercicio 2015 e seguintes, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

A prestación do servizo á que se refire o presente acordo de adhesión referirase ás seguintes EDAR's de titularidade desta entidade local:

(Relaciónense as EDAR's incluídas no convenio, especificando o núcleo ou núcleos de poboación aos que prestan servizo e o número de visitas técnicas mensuais solicitadas)

Solicítase ademais a prestación dos seguintes servizos complementarios (táchese o que non proceda):

- | | |
|----------------------------------|--------|
| a) Xestión de alarmas | Si Non |
| b) Transporte e xestión de lodos | Si Non |
| c) Análise ECA..... | Si Non |

Anexo II: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de solicitude de servizos complementarios ao abeiro do convenio marco de colaboración para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións depuradoras de augas residuais de tipo biolóxico ou biodiscos no exercicio 2015 e seguintes.

Solicitar a prestación a esta entidade local, ao abeiro do convenio marco de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para a prestación de asistencia técnica para a explotación de estacións de depuración de augas residuais de tipo biolóxico ou biodiscos no exercicio 2015 e seguintes, dos seguintes servizos complementarios para as EDAR que se relacionan a continuación *(especifíquese cada EDAR para a que se soliciten servizos complementarios e, en cada caso, táchese o que non proceda)*:

EDAR de.....

- | | |
|--|--------|
| a) Número de visitas mensuais: ...2 ..3 ...4 | |
| b) Xestión de alarmas | Si Non |
| c) Transporte e xestión de lodos | Si Non |
| d) Análise ECA..... | Si Non |

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

2º.- Remitirilles o dito convenio ás entidades locais da provincia, para os efectos de que procedan á súa adhesión e ordenar a súa publicación no BOP para xeral coñecemento.

4.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE CONTROL ANALÍTICO DE SEGUIMIENTO DE ESTACIÓN DEPURADORAS COMPACTAS DURANTE OS EXERCICIOS 2015 E SEGUINTE.

- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de agricultura e medio ambiente en relación co convenio marco referenciado no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia para o control analítico de seguimento de estacións depuradoras compactas durante os exercicios 2015 e seguintes, conforme coas seguintes cláusulas:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto deste convenio marco a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica para o control analítico de seguimento das estacións depuradoras compactas de titularidade local instaladas nos núcleos de poboación da provincia.

O presente convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestar asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal (xa se exerza polos concellos, xa se atope delegada nunha mancomunidade ou outro tipo de entidade local) para a ordenación e xestión do servizo de depuración de augas residuais, conforme co artigo 27 da Lei 9/2010 de 4 de novembro, de augas de Galicia.

2ª) Condicións da prestación do servizo:

A Deputación Provincial prestaralles aos concellos ou mancomunidades adheridos ao presente convenio o servizo de control analítico de seguimento das estacións depuradoras

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

compactas situadas no ámbito territorial da entidade local, comprendendo as seguintes prestacións:

a) Realización dun plan de mostraxe analítica, no que se reflectirán as análises que se realizarán ao longo de cada ano, identificando o punto de mostraxe, data de toma de mostras e metodoloxía para seguir, asegurando en todo momento a correcta manipulación e conservación das mostras.

b) Análise a través de organismo colaborador autorizado: esta análise realizarase para dar cumprimento ao establecido na autorización de vertido de cada instalación, analizándose os parámetros que nela se indiquen e, particularmente, sólidos en suspensión, demanda química de osíxeno, demanda biolóxica de osíxeno, pH, condutividade, nitróxeno total, fósforo total e aceites e graxas. Realizarase unha analítica por cada ano, podendo realizarse un número maior en caso de ser requiridas polo organismo de conca.

c) Análise semestral de auga bruta: análise para a determinación na auga bruta dos seguintes parámetros: demanda bioquímica de osíxeno, demanda química de osíxeno, sólidos en suspensión, nitróxeno total, fósforo total, pH, condutividade eléctrica e microbioloxía. Realizarase unha análise en cada semestre natural, que permitirá establecer o rendemento funcional da depuradora, identificando deste xeito os potenciais problemas de funcionamento e as súas alternativas de solución.

d) Análise semestral de auga tratada: análise para a determinación na auga tratada dos seguintes parámetros: demanda bioquímica de osíxeno, demanda química de osíxeno, sólidos en suspensión, nitróxeno total, fósforo total, pH, condutividade eléctrica e microbioloxía. Realizarase unha análise en cada semestre natural, que permitirá establecer o rendemento funcional da depuradora, identificando deste xeito os potenciais problemas de funcionamento e as súas alternativas de solución.

O servizo será prestado pola Deputación Provincial a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente. Aquaourense xestionará e contratará a realización das análises que deben levarse a cabo a través dun organismo colaborador autorizado.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

O servizo prestarase a partir da entrada en vigor do convenio.

3ª) Retribución económica:

1. En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos:

- Por cada analítica de auga semestral de auga bruta ou tratada: 90 € ud (total máximo anual : 360 €)

Pola analítica anual de auga tratada realizada por organismo colaborador autorizado.....320 €

Total máximo anual: 680 euros (IVE non incluído) por cada depuradora.

2. No suposto en que o organismo de cunca requirise a realización de análises adicionais a través de organismo colaborador autorizado, a realización de cada análise adicional devindicará un prezo público de 320 euros (IVE non incluído). En todo caso, a realización de análises adicionais requirirá a conformidade previa da entidade local interesada.

3. Aos prezos sinalados aplicaráselles o IVE correspondente en cada caso.

4. A liquidación do prezo público polos servizos efectivamente prestados será aprobada pola Deputación con carácter anual, dispoñendo as entidades locais adheridas dun prazo de noventa días naturais, contados a partir da recepción da notificación da liquidación, para proceder ao seu pago.

4. Unha vez transcorridos os prazos de pago en período voluntario dos prezos liquidados, a Deputación Provincial poderá exercer cantas accións administrativas e xudiciais lle competan para o cobro dos prezos, incluíndo a posibilidade de compensar a débeda contra calquera crédito de que dispoña a entidade local fronte á facenda provincial.

4ª) Procedemento e prazo de solicitude de adhesión ao convenio:

1. As entidades locais que desexen adherirse ao presente convenio deberán remitirlle á Deputación Provincial o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente conforme co modelo que figura como anexo. A adhesión terá carácter automático, sempre que o acto de adhesión se axuste ao modelo establecido e aos requisitos que establece o presente convenio, iniciándose a prestación de servizos no prazo máximo de quince días naturais dende a súa recepción.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

2. Non obstante o anterior, as entidades locais adheridas ao convenio co mesmo obxecto vixente para os exercicios 2012 e seguintes entenderase que se adhiren automaticamente ao presente convenio en tanto non manifesten o contrario.

5ª) Comisión de seguimento:

Establécese unha comisión de seguimento do convenio con cada entidade asinante, que estará integrada polo xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente e un representante designado pola entidade local interesada. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido no Título II da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comisión de seguimento reunirase a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

6ª) Vixencia:

O presente convenio producirá efectos para as entidades locais que se adhiran por primeira vez a partir do día seguinte á data de presentación do documento de adhesión ante a Deputación Provincial. Para as entidades locais adheridas ao convenio marco co mesmo obxecto de 2012 e seguintes, os efectos produciranse a partir do 1 de abril de 2015.

O presente convenio marco, unha vez entre en vigor para cada entidade local adherida, terá eficacia con carácter indefinido ata a súa modificación ou a súa extinción conforme co estipulado na cláusula 7ª.

7ª) Extinción do convenio:

O presente convenio poderá ser resolto por baixa voluntaria dos concellos ou entidades locais adheridas ou por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. En ambos casos, a entidade interesada comunicará, cunha antelación mínima dun mes á súa data de efectividade, a súa decisión de resolver o convenio, que será executiva sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015

A liquidación dos convenios resoltos anticipadamente corresponderá, en todo caso, á Deputación Provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada tras a audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.

8ª) Natureza e réxime xurídico:

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

9ª) Servizos prestados ata o 1 de abril de 2015:

Os servizos prestados pola Deputación aos concellos e entidades adheridas ao convenio marco co mesmo obxecto dos exercicios 2012 e seguintes ata o 1 de abril de 2015 liquidaranse conforme cos prezos e regras establecidos no dito convenio anterior.

Anexo I: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de adhesión ao convenio marco de colaboración para o control analítico das depuradoras compactas instaladas nos núcleos de poboación da provincia no marco dos proxectos Daredo e Deputrans.

Aprobar a adhesión do Concello de... / Mancomunidad de... ao convenio marco de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para o control analítico das depuradoras compactas instaladas nos núcleos de poboación da provincia no marco dos proxectos Daredo e Deputrans, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

A prestación do servizo a que se refire o presente acordo de adhesión referirase ás seguintes depuradoras compactas de titularidade desta entidade local:

(Relaciónense as depuradoras incluídas no convenio, especificando o núcleo ou núcleos de poboación aos que prestan servizo)

2º.- Remitirilles o dito convenio ás entidades locais da provincia, para os efectos de que procedan á súa adhesión e ordenar a súa publicación no BOP para xeral coñecemento.

5.- APROBACIÓN DE CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE XESTIÓN DE AUTORIZACIÓNS DE VERTIDOS DE AUGAS RESIDUAIS URBANAS MUNICIPAIS

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

NOS EXERCICIOS 2015 E SEGUINTE.- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de agricultura e medio ambiente en relación co convenio marco referenciado no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobación do convenio marco de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de autorizacións de vertidos de augas residuais urbanas municipais nos exercicios 2015 e seguintes, conforme coas seguintes cláusulas:

1ª) Obxecto:

Constitúe o obxecto deste convenio marco a regulación das condicións para a prestación pola Deputación Provincial aos concellos ou mancomunidades da provincia do servizo de asistencia técnica en materia de xestión de autorizacións de vertidos de residuais urbanas municipais.

O presente convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestar asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal (xa se exerza polos concellos, xa se atope delegada nunha mancomunidad) para a ordenación e xestión do servizo de depuración de augas residuais, configurado como servizo mínimo obrigatorio polo artigo 26 da mesma Lei básica de réxime local.

2ª) Condicións da prestación do servizo

1. A Deputación Provincial prestará aos concellos ou mancomunidades adheridos ao presente convenio a asistencia técnica que resulte necesaria para a xestión da tramitación integral, ante o organismo de conca competente, das autorizacións de vertidos de augas procedentes das redes e sistemas municipais de saneamento e depuración.

En particular, o servizo abranguerá as seguintes prestacións:

a) Identificación dos vertidos e a súa procedencia (núcleos e poboación atendida) así como os sistemas de depuración existentes. Identificación do punto de vertido, incluíndo a súa xeorreferenciación, curso fluvial público ao que se produce e o caudal deste curso fluvial na estiaxe. Cubrición dos formularios oficiais de solicitude ante o organismo de conca competente. Elaboración do plan de redución da contaminación, de ser o caso.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

b) Caracterización de influente e efluente, co seguinte detalle:

b.1) Para o caso de fosas sépticas (e, en xeral, efluentes de vertido de menos de 250 habitantes equivalentes) realizarase a analítica do influente e a do efluente da saída do sistema de depuración, debendo analizarse temperatura, ph, SS, DBO (5), DQO, aceites e graxas, amonio e nitratos, deterxentes aniónicos e unicamente nos supostos en que o organismo de conca o considere necesario.

b.2) Para o caso de depuradoras (e, en xeral, efluentes procedentes de máis de 250 habitantes equivalentes) realizarase a análise dos influentes de entrada da EDAR, determinando temperatura, ph, SS, DBO (5), DQO, aceites e graxas, amonio, nitróxeno kjeldahl, nitratos, N-total e fósforo e no efluente de saída determinando: temperatura, ph, condutividade, cor, SS, DBO (5), DQO, aceites e graxas, amonio, nitratos, nitróxeno kjeldahl, N-total e fósforo, cloruros e sulfatos.

En función da conca receptora do vertido, o organismo de conca poderá considerar necesaria a análise dalgún outro parámetro. Neste suposto, a Xunta de Goberno adoptará un acordo específico aprobando o prezo público que corresponda para as análises complementarias que sexan necesarias, conforme co previsto na cláusula 3ª.

b.3) Analítica de comprobación e informe de entidade colaboradora da administración para a posta en marcha da infraestrutura de depuración.

En todo caso, a prestación da asistencia técnica entenderase realizada, para todos os efectos, no momento en que se presente a documentación completa do expediente de autorización ante o organismo de conca. Sen prexuízo disto, se existisen defectos emendables na dita documentación, a Deputación procederá á súa emenda sen sobrecusto ningún para a entidade local adherida ao convenio.

2. O servizo será prestado pola Deputación Provincial, por medios propios ou a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente, ou entidade que a poida substituír no futuro.

3ª) Retribución económica

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

1. En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos:

a) Autorización de vertidos de núcleos de ata 250 habitantes equivalentes:

- Por realización das prestacións previstas no apartado a) da cláusula 2.1: 180 €/ud

- Por realización das análises previstas no apartado b.1) da cláusula 2.1: 182,40 €/ud

b) Autorización de núcleos de máis de 250 habitantes equivalentes:

- Por realización das prestacións previstas no apartado a) da cláusula 2.1: 300 €/ud

- Por realización das análises previstas no apartado b.2) da cláusula 2.1: 418,40 €/ud

- Por realización da prestación prevista no apartado b.3) da cláusula 2.1, no caso de que fose necesaria: 320 euros.

2. Os prezos públicos indicados rexerán dende o 1 de abril de 2015, e sobre eles aplicarase o IVE correspondente.

3. Os prezos devindicaranse no momento da presentación da documentación completa da solicitude de autorización ou regularización de vertido ante o organismo de conca competente. Sen prexuízo do anterior, o prezo aplicable en cada caso será o vixente na data na que se realizase a prestación do servizo.

4. No caso de ser necesaria a realización de análises complementarias ás previstas no apartado b.1) ou b.2) da cláusula 2ª, a Xunta de Goberno aprobará o prezo público correspondente, o que se comunicará á entidade local interesada para os efectos de que manifeste a súa conformidade coa realización das ditas análises complementarias.

5. A liquidación dos servizos prestados será aprobada pola Deputación unha vez rematada a prestación do servizo, con carácter individual para cada prestación realizada, dispoñendo as entidades locais adheridas dun prazo de noventa días naturais, contados a partir da recepción da notificación da liquidación, para proceder ao seu pago.

Unha vez transcorridos os prazos de pago en período voluntario dos prezos liquidados, a Deputación Provincial poderá exercer cantas accións administrativas e xudiciais lle competan para o cobro dos prezos, incluíndo a posibilidade de compensar a débeda contra calquera crédito de que dispoña a entidade local fronte á facenda provincial.

6. Os prezos públicos non inclúen o custo das taxas do procedemento de autorización esixidas polo organismo de conca correspondente, que deberán ser aboadas pola entidade local interesada.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

4ª) Procedemento de solicitude de servizos ao abeiro do presente convenio.

As entidades locais que desexen recibir os servizos comprendidos no presente convenio marco, deberán solicitalo por escrito á Deputación Provincial, indicando os vertidos para cuxa autorización se require asistencia técnica. A solicitude poderá realizarse empregando o modelo que figura como anexo.

Unha vez solicitado o servizo, entenderase automaticamente concedido se no prazo máximo dun mes a Presidencia non lle comunica á entidade solicitante a súa denegación, que só poderá basearse na existencia dunha imposibilidade legal ou material de prestación do servizo.

5ª) Vixencia:

O presente convenio producirá efectos para cada entidade desde a data de presentación da solicitude de servizos ao seu abeiro ante a Deputación Provincial, entendéndose que a dita solicitude implica a adhesión temporal ao convenio marco da entidade solicitante durante o tempo que dure a prestación dos servizos solicitados e ata a súa total liquidación e pagamento.

O presente convenio marco estará vixente e aberto ás adhesións temporais das entidades locais da provincia con carácter indefinido dende o 1 de abril de 2015, ata que a Deputación non acorde a súa cesación ou substitución por outro convenio marco.

6ª) Natureza e réxime xurídico:

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

7ª) Servizos de asistencia técnica para autorización de vertidos prestados con anterioridade ao 1 de abril de 2015.

Os servizos de asistencia técnica para autorizacións de vertidos prestados con anterioridade ao 1 de abril de 2015 liquidaranse de conformidade co establecido no convenio marco de asistencia técnica para a autorización de vertidos do 20 de decembro de 2013.

8ª) Extinción da vixencia do convenio marco do 20 de decembro de 2013.

Con efectos do 1 de abril de 2015, quedará extinguido o anterior convenio marco de asistencia técnica en materia de autorizacións de vertido do 20 de decembro de 2013, sen prexuízo da continuación das accións en curso solicitadas ao seu abeiro ata a súa total

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

conclusión e liquidación conforme ás súas cláusulas, e con independencia da súa liquidación conforme ao novo convenio se as prestacións se realizan con posterioridade ao 1 de abril de 2015.

Anexo.- Modelo de solicitude de prestación de servizos ao abeiro do convenio marco de colaboración para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de autorizacións de vertido nos exercicios 2015 e seguintes.

D/D.^a, alcalde/alcaldesa do Concello de / presidente/a da Mancomunidade/Consorcio de...

EXPÓN:

Que a entidade local que preside precisa a prestación dun servizo de asistencia técnica para a xestión da autorización dos vertidos que se indican nesta solicitude.

Que, polo exposto, e ao abeiro do convenio marco da Deputación de Ourense de colaboración coas entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de autorizacións de vertido durante os exercicios 2015 e seguintes, SOLICITO a prestación de asistencia técnica para a xestión das autorizacións dos vertidos que se indican, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

a) Autorizacións de vertidos de fosas sépticas:

(Indíquense as fosas sépticas das que se desexa que se tramite a autorización de vertidos, sinalando para cada unha delas se se solicita a realización de asistencia técnica completa – incluíndo os servizos previstos nos apartados a) e b.1) da cláusula 2ª.1 – ou só parcial, especificando neste último caso qué servizos se solicitan – só os do apartado a) ou só os do apartado b.1). No caso de non indicar nada, a Deputación entenderá que se solicita a realización da asistencia técnica completa)

b) Autorizacións de vertidos de EDAR:

(Indíquense as EDAR das que se desexa que se tramite a autorización de vertidos, sinalando para cada unha delas se se solicita a realización de asistencia técnica completa – incluíndo os servizos previstos nos apartados a) e b.2) da cláusula 2ª.1 – ou só parcial, especificando neste último caso qué servizos se solicitan – só os do apartado a) ou os do apartado b.2). No caso de non indicar nada, a Deputación entenderá que se solicita a realización da asistencia técnica completa).

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

2º.- Remitirilles o dito convenio ás entidades locais da provincia, para os efectos de que poidan proceder á solicitude dos servizos que constitúen o seu obxecto.

3º.- Ordenar a publicación do presente convenio, co correspondente anexo, no BOP para xeral coñecemento.

6.- APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA PARA A PRESTACIÓN DE ASISTENCIA TÉCNICA EN MATERIA DE XESTIÓN DE CONCESIÓN DEMANIAIS DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE.

- Unha vez visto o ditame favorable da comisión informativa de agricultura e medio ambiente en relación co convenio marco referenciado no encabezamento, elaborado pola Secretaría Xeral desta Deputación, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **adopta** o seguinte **acordo**:

1º.- Aprobar o convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial de Ourense e as entidades locais da provincia para a prestación de asistencia técnica en materia de xestión de concesións demaniais de abastecemento de auga potable, conforme coas seguintes cláusulas:

1ª) Obxecto

Constitúe o obxecto deste convenio marco a regulación das condicións de prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica en materia de xestión de concesións de abastecementos de auga potable.

O presente convenio adóptase en exercicio da competencia provincial para prestarlles asistencia e cooperación aos concellos e demais entidades locais en materia de servizos municipais, prevista no artigo 36.1.a) e b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e da competencia municipal (xa se exerza polos concellos, xa se atope delegada nunha mancomunidade) para a ordenación e xestión do servizo de abastecemento de auga, configurado como servizo mínimo obrigatorio polo artigo 26 da mesma lei básica de réxime local.

2ª) Condicións da prestación do servizo

1. A Deputación Provincial prestaralles ás entidades locais adheridas ao presente convenio a asistencia técnica que resulte necesaria para a xestión da tramitación integral, ante o organismo de conca competente, das concesións necesarias para o abastecemento de auga potable a poboacións.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

En particular, o servizo abranguerá as seguintes prestacións:

- a) Toma de datos e traballo de campo realizado por técnico de produción
- b) Elaboración de plano descritivo das captacións, realizado por técnico delineante
- c) Redacción de memoria técnica por cuadruplicado
- d) Análise de caracterización de acordo cos parámetros solicitados pola autoridade sanitaria para informe de idoneidade.

En todo caso, a prestación da asistencia técnica entenderase realizada, para todos os efectos, no momento en que se presente a documentación completa do expediente de solicitude de concesión ante o organismo de conca. Sen prexuízo disto, se existisen defectos emendables na dita documentación, a Deputación procederá á súa emenda sen sobrecusto ningún para a entidade local adherida ao convenio.

2. O servizo será prestado pola Deputación Provincial a través da entidade Aquaourense, Sociedade Provincial de Augas e Medio Ambiente, SA, sociedade de capital mixto participada pola Deputación Provincial, na súa condición de concesionaria do servizo provincial de asistencia e cooperación con entidades locais en materia de servizos relacionados co ciclo hidráulico e medio ambiente. Non obstante o anterior, a memoria técnica será elaborada e subscrita por funcionarios técnicos da Deputación Provincial con titulación axeitada conforme coa normativa vixente.

3ª) Retribución económica

1. En contraprestación polo servizo prestado, a Deputación Provincial percibirá os seguintes prezos públicos.
 - Pola xestión de cada expediente de concesión de abastecemento de auga potable: 500 euros.
 - Por cada análise da auga da captación incluída dentro do ámbito de aplicación do RD 140/2003: 558 euros.
 - Por cada análise da auga da captación excluída do ámbito de aplicación do RD 140/2003: 200 euros.

Estes importes non inclúen o IVE, que será aplicado e repercutido conforme co tipo de gravame vixente no momento da devindicación deste imposto.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

Os prezos devindicaranse no momento da presentación da documentación completa da solicitude de concesión ante o organismo de conca competente. A Deputación Provincial aprobará a oportuna liquidación unha vez devindicado o prezo público, liquidación que se lle notificará á entidade local interesada outorgándolle un prazo de noventa días para o seu pago.

2. O prezo público establecido no apartado anterior non inclúe a taxa regulada na lexislación estatal pola tramitación do expediente de concesión ante o organismo de conca competente. O aboamento desta taxa será obrigación da entidade local beneficiaria da asistencia técnica.

4ª) Procedemento de adhesión ao convenio

Para a adhesión ao convenio, as entidades locais interesadas remitiranlle á Deputación Provincial o acto administrativo de adhesión, adoptado polo órgano en cada caso competente conforme co modelo que figura como anexo. A adhesión ao convenio será eficaz a partir do día seguinte ao da data de entrada do documento de adhesión no rexistro xeral da Deputación.

5ª) Comisión de seguimento

Establécese unha comisión de seguimento do convenio con cada entidade asinante, que estará integrada polo xefe do Servizo de Augas e Medio Ambiente e un representante designado pola entidade local interesada. Actuará como secretario da comisión o secretario xeral da Deputación ou funcionario que legalmente o substitúa, coas funcións propias dun secretario de órgano colexiado conforme co establecido no Título II da Lei do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A comisión de seguimento reunirse a pedimento de calquera das partes integrantes, e as súas funcións serán as de seguimento da aplicación do convenio, interpretación e resolución de incidencias. No caso de non acadarse un acordo no seo da comisión, a Deputación Provincial resolverá unilateralmente e con carácter executivo o que proceda, sen prexuízo da posibilidade de impugnación deste acto administrativo pola entidade local interesada conforme co sistema de recursos vixente no noso ordenamento xurídico.

6ª) Vixencia

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

O presente convenio producirá efectos, para cada entidade local interesada, desde o día seguinte ao da entrada do documento de adhesión, debidamente cuberto, no rexistro xeral da Deputación de Ourense, e ata a total execución das prestacións de asistencia técnica que constitúen o seu obxecto.

7ª) Extinción do convenio

O presente convenio extinguirase pola execución das prestacións que constitúen o seu obxecto ou por denuncia unilateral dunha das partes por incumprimento de obrigas convencionais esenciais. Neste último caso, a entidade interesada comunicará, cunha antelación mínima dun mes á súa data de efectividade, a súa decisión de resolver o convenio, que será executiva sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación pola outra parte.

A liquidación dos convenios resoltos anticipadamente corresponderalle, en todo caso, á Deputación Provincial, mediante resolución da Presidencia adoptada tras a audiencia previa da outra parte. Esta resolución será executiva, sen prexuízo da posibilidade da súa impugnación conforme co sistema de recursos legalmente aplicable.

Nos supostos de resolución unilateral anticipada do convenio por causa non imputable á Deputación, a liquidación incluírá unha relación dos gastos sufridos pola Deputación, debidamente xustificadas no expediente. No caso de que non se devindicasen os prezos públicos, a Deputación aprobará unha liquidación polo importe dos gastos efectivamente realizados ata a data da comunicación da resolución do convenio.

Nos supostos en que a solicitude de concesión fose denegada polo organismo de conca por causa imputable á Deputación Provincial, a entidade local afectada terá dereito á devolución do prezo público pagado, máis os xuros de demora producidos dende a data do pagamento.

8ª) Natureza e réxime xurídico

O presente convenio terá natureza administrativa, correspondéndolle á xurisdición contencioso administrativa a resolución das controversias sobre a súa validez, eficacia, efectos e extinción.

9ª) Extinción do convenio marco co mesmo obxecto publicado no BOP do 21 de xuño de 2012.

Con efectos do 1 de abril de 2015 quedará extinguido e sen efectos o anterior convenio marco, co mesmo obxecto, publicado no BOP do 21 de xuño de 2012, sen

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

prexuízo da continuación, ata o seu total remate, das accións xa iniciadas ao abeiro do dito convenio. A liquidación das ditas actuacións realizarase conforme ao anterior convenio, aplicándose, non obstante, os prezos do novo convenio, se se trata de prestacións realizadas con posterioridade ao 1 de abril de 2015.

Anexo: Modelo da parte dispositiva da resolución ou acordo de adhesión ao convenio marco de colaboración para prestación pola Deputación Provincial ás entidades locais da provincia do servizo de asistencia técnica en materia de xestión de concesións de abastecementos de auga potable.

1º) Aprobar a adhesión do Concello de... / Mancomunidade de... / Consorcio de.../ Entidade Local Menor de ... ao convenio marco de colaboración coa Deputación Provincial de Ourense para a prestación do servizo de asistencia técnica en materia de xestión de concesións de abastecemento de auga potable, de conformidade co clausulado aprobado pola Deputación Provincial de Ourense, asumindo as obrigas e compromisos que se recollen no dito convenio.

2º.- Remitírlles o dito convenio ás entidades locais da provincia, para os efectos de que procedan á súa adhesión e ordenar a súa publicación no BOP para xeral coñecemento.

7.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN MUSICAL DE TRASMIRAS.- No Pleno de data 31 de outubro de 2014, prevíase unha subvención ó Concello de Trasmiras para a escola de música, tendo en conta que o solicitante da axuda é a Asociación Musical de Trasmiras. No Pleno de data 30 de xaneiro de 2015, acordouse que se lle concedera a subvención á dita asociación por importe de 20.000,00 € para gastos da escola de música correspondentes ó curso 2013-2014, con cargo á aplicación orzamentaria 334.20/489.09.

Unha vez vista a documentación que acompaña á solicitude formulada polo representante da mencionada entidade, obsérvase que no orzamento de gastos e ingresos correspondentes ó curso 2013-2014 presentado, os ingresos superan ós gastos na contía de 5.399,28 euros, polo que, de acordo coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** a aprobación dunha subvención á Asociación Musical de Trasmiras, con CIF G32423055, nos seguintes termos:

-Importe: 14.600,72 €.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015

-Obxecto: gastos da escola de música correspondentes ó curso 2013-2014.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo de xustificación: ata o 30 de xuño de 2015.

8.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ASOCIACIÓN CULTURAL PEN CLUB DE GALICIA.- No Pleno con data 31 de outubro de 2014 acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015, no que figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 20.000,00 euros a favor da Asociación Cultural Pen Club de Galicia, para gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2015, con cargo á aplicación orzamentaria 33.417/48908.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Asociación Cultural Pen Club de Galicia, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000,00 €.

-Obxecto: gastos de funcionamento da entidade correspondentes ó ano 2015.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de outubro de 2015.

9.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN A CLAQUETA COQUETA, SLU.- No Pleno con data 31 de outubro de 2014, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2015, e con cargo á aplicación 48907-33417, a cantidade de 10.000,00 euros a favor de Claqueta Coqueta, SLU, con CIF B70154307, para actividades culturais.

Unha vez vista a solicitude formulada polo representante da mencionada sociedade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención a favor de Claqueta Coqueta, SLU, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: actividades culturais.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 29 de agosto de 2015.

10.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á ESCUDERÍA OURENSE.- No Pleno de data 31 de outubro de 2014, acordouse consignar no orzamento xeral para o ano 2015, e con cargo á aplicación 48207-34111, a cantidade de 40.000,00 € a favor da Escudería Ourense, con CIF G32027344, para a celebración do Rally Ourense 2015.

Unha vez vista a solicitude formulada pola presidencia da mencionada sociedade deportiva, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Escudería Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 40.000,00 €.

-Obxecto: a celebración do Rally Ourense 2015.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación da conta xustificativa, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 72 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2015.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

11.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á FUNDACIÓN FESTA DA HISTORIA.- No Pleno con data 26 de setembro de 2014 acordouse aprobar o expediente n.º 5/2014 de modificación das bases de execución do orzamento correspondente ó ano 2014, destinando unha subvención de 7.244,00 euros a favor da Fundación Festa da Isteria, para a Festa da Isteria correspondente ó ano 2014, con cargo á aplicación orzamentaria 334.13/489.05.

Unha vez autorizado o gasto por Intervención para o exercicio correspondente ó ano 2015, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude formulada polo representante da mencionada entidade cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Fundación Festa da Isteria, nos seguintes termos:

-Importe: 7.244,00 €.

-Obxecto: Festa da Isteria correspondente ó ano 2014.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, polo importe de 46.961,62 euros. Esta contía corresponde á diferenza entre o total do proxecto que é de 78.604,00 euros e 31.642,38 euros correspondentes á contía xustificada da subvención concedida no marco do concurso convocado pola Deputación Provincial de Ourense para a concesión de subvencións para organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ó exercicio 2014, á Fundación Festa da Isteria para a celebración da Festa da Isteria 2014.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acreditar a realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo de xustificación: ata o 15 de maio de 2015.

12.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE CHANDREXA DE

QUEIXA.- No Pleno con data 30 de xaneiro de 2015 acordouse aprobar o expediente nº 1/2015 de modificación das bases de execución do actual orzamento, figurando con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 unha subvención nominativa, por importe de 10.000,00 euros, a favor do Concello de Chandrex de Queixa para maquinaria municipal.

Unha vez vista a solicitude formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Chandrex de Queixa, nos seguintes termos:

-Importe: 10.000,00 €.

-Obxecto: adquisición de maquinaria municipal.

-Xustificación: a subvención xustificarse mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 30 de xuño de 2015.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

13.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Ó CONCELLO DE TRASMIRAS.- No Pleno con data 31 de outubro de 2014 acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 11.103,20 euros a favor do Concello de Trasmiras, para a instalación dunha caldeira de biomasa para o abastecemento de diversas instalacións do concello, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo alcalde do mencionado concello, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención ó Concello de Trasmiras, nos seguintes termos:

-Importe: 11.103,20 euros.

-Obxecto: a instalación dunha caldeira de biomasa para o abastecemento de diversas instalacións do concello.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2015.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

14.- APROBACIÓN DE SUBVENCIÓN Á MANCOMUNIDAD VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DE LA COMARCA DE OURENSE.

- No Pleno con data 31 de outubro de 2014 acordouse aproba-lo orzamento xeral para o ano 2015. Na base 88 do capítulo XIV figura con carácter nominativo, para a súa concesión directa, de acordo co artigo 22.2 a) da Lei 38/2003, xeral de subvencións, unha subvención de 20.000,00 euros a favor da Mancomunidad Voluntaria de Municipios de la Comarca de Ourense, para a adquisición de terreos para unha escola infantil, con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01.

Unha vez vista a solicitude de subvención formulada polo presidente da entidade, comprobado pola Sección de Subvencións que a dita solicitude cumpre co establecido na lexislación de subvencións e nas bases de execución dos orzamentos, e de conformidade coa proposta favorable da Presidencia, a **Xunta de Goberno**, por unanimidade, **acorda** aprobar unha subvención á Mancomunidad Voluntaria de Municipios de la Comarca de Ourense, nos seguintes termos:

-Importe: 20.000,00 euros.

-Obxecto: a adquisición de terreos para unha escola infantil.

-Xustificación: a subvención xustificárase mediante a presentación de conta xustificativa simplificada, todo isto de conformidade co que dispoñen os artigos 30 e 31 da Lei xeral de subvencións e o artigo 75 do Regulamento da antedita lei, á que se lle unirán os orixinais das facturas ou dos correspondentes documentos de valor probatorio equivalente, debidamente aprobados polo órgano correspondente.

Ó abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención. En consecuencia, non será preciso acredita-la realización do pago na conta xustificativa. Non obstante o anterior, e no exercicio das súas facultades de control financeiro, a Intervención poderá realizar procedementos simplificados de control financeiro, consistentes en esixir, a partir do mes seguinte ó do pago da subvención, a acreditación do pago da totalidade dos gastos incluídos na conta xustificativa. O incumprimento desta obriga dará lugar á obriga de reintegro por parte do beneficiario, así como á imposición das sancións que procedan.

-Prazo xustificación: ata o 31 de xullo de 2015.

15.- ASUNTOS DE URXENCIA.

- Trala unánime declaración da urxencia do asunto por non

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

figurar incluído na orde do día, adoptouse o seguinte acordo:

15.a) XIII CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS DEPUTACIÓN DE OURENSE.- De conformidade coa proposta que formula o director do Centro Cultural da Deputación Provincial e segundo as bases redactadas para o efecto, coa finalidade de promover as artes plásticas e apoiar aos novos valores nos distintos aspectos destas artes, a **Xunta de Goberno**, tras a unánime declaración da urxencia do asunto por non figurar incluído na orde do día, adoptou o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a convocatoria do XIII Certame de Artes Plásticas Deputación de Ourense, para premiar e difundir os traballos dos creadores máis novos, aprobándose as bases redactadas para o efecto, co correspondente anexo, e que se transcriben a continuación:

Primeira: A convocatoria realízase para as modalidades de pintura, escultura, gravado e calquera outro tipo de expresión artística (vídeo, arte dixital, instalacións, etcétera).

Segunda: Poderán participar todos os artistas con idades comprendidas entre os dezaioito (18) e os trinta (30) anos.

Terceira: A temática será libre, admitíndose todo tipo de tendencia estética. Na realización da obra poderase empregar calquera tipo de técnica e material.

Cuarta: Cada concursante poderá participar cun máximo de dúas (2) obras, aínda que pertencen a distintas modalidades.

Quinta: As obras axustaranse ás seguintes características:

Pintura: non superior a dous (2) metros en calquera das súas dimensións.

Escultura: terá unha altura máxima dun metro con oitenta centímetros (1,80 m) e unha base que non superará un metro por un metro (1m x 1m).

Gravado e outras expresións artísticas: medidas libres.

Sexta: As obras non poderán estar premiadas con anterioridade en ningún outro certame artístico.

Sétima: Establécense os seguintes premios sen distinción de modalidade:

- PRIMEIRO PREMIO	3.000,00 €.-
- SEGUNDO PREMIO	2.000,00 €.-
- TERCEIRO PREMIO	1.000,00 €.-

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

- DOUS ACCÉSITS DE 500,00 € CADA UN	1.000,00 €.-
TOTAL	7.000,00 €.-

O xurado pode conceder accésits honoríficos, se o estima oportuno, en vista da calidade dos traballos presentados. Tamén pode declarar deserto calquera dos premios.

As obras que reciban algún dos premios con dotación económica quedarán en propiedade da Deputación provincial de Ourense.

Oitava: O prazo de presentación das obras establecerase desde a convocatoria deste certame no Boletín Oficial da Provincia (BOP) ata o día trinta e un (31) de maio de dous mil quince (2015). As obras entregaranse ou serán enviadas ao Centro Cultural da Deputación de Ourense (Rúa Progreso, 30 32003 Ourense). Correrán por conta dos concursantes os gastos de envío das obras. Os organizadores non se responsabilizan dos riscos ou deterioros que poidan sufrir as obras no seu traslado e manipulación.

Novena: Identificación.- Para a súa identificación, as obras levarán en lugar ben visible un lema identificativo, que pode ser común ás obras presentadas polo mesmo autor. En sobre pechado, á parte, incluírá un BOLETÍN DE PARTICIPACIÓN no certame ou copia deste por cada obra presentada, debidamente cuberto e cunha copia do DNI do autor. No exterior do sobre figurará o lema da obra ou obras.

Décima: A Deputación realizará unha exposición (mes de setembro) cunha selección dos traballos presentados e realizará o correspondente catálogo.

Undécima: O xurado estará integrado por un mínimo de cinco (5) membros vinculados ao mundo das artes plásticas, que serán designados pola presidencia da institución provincial.

Décimo segunda: Os titulares das obras non premiadas deberán retirar estas unha vez rematada a exposición, cun prazo máximo dun (1) mes. Unha vez superado o prazo indicado, os organizadores declinan calquera responsabilidade sobre estas.

Décimo terceira: Os artistas autorizan á Deputación a empregar a imaxe das súas obras en calquera formato e sen límite de tempo.

Décimo cuarta: A participación neste certame supón a aceptación destas bases e o veredicto do xurado.

Acta da Xunta de Goberno correspondente ó 27 de marzo de 2015
--

Anexo:

XIII CERTAME DE ARTES PLÁSTICAS DEPUTACIÓN DE OURENSE

boletín de participación

Nome.....
 rúa portal planta
CP.....provincia
 teléfono e-mail

OBRA PRESENTADA BAIXO O LEMA

Título
 Técnica
 Medidas

OBRA PRESENTADA BAIXO O LEMA	
Título:	
Técnica:	
Medidas:	
Exemplar para o autor	selo

OBRA PRESENTADA BAIXO O LEMA	
Título:	
Técnica:	
Medidas:	
Exemplar para a institución	selo

2º.- Publicar este acordo no taboleiro de edictos desta Deputación e no BOP de Ourense.

16.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.- Non se presentaron.

17.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formularon.

E, ás dez horas e trinta minutos, do referenciado día vinte e sete de marzo do ano dous mil quince, a Presidencia dá por rematada a sesión da Xunta de Goberno, e redáctase esta acta, que se asinará segundo o legalmente establecido.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,